



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA**Panel do CTH (2016P06)**

Na Intranet corporativa tés o segundo listado provisional dos participantes no panel de mobilidade para o Corpo Técnico de Facenda
Tal como indican a resolución, os participantes neste proceso poden renunciar ou formular alegacións ata o día 8 de febreiro

Renuncias:

Poden realizarse a través da Oficina Virtual seguindo os seguintes pasos:

“Oficina Virtual- Provisión de Puestos-Ofertas de Movilidad-Paneles-Renuncias parciales o totales”.

Se non fora posible presentala por esta vía, existe a posibilidade de presentar a renuncia a través do correo electrónico provision.puestos@correo.aeat.es seguindo as instrucións establecidas na convocatoria do panel. Se a presentas por esta última vía comproba que hai constancia da recepción da mesma por parte do persoal de provisión de postos mediante resposta ao correo que enviaches.

En último caso, poderías presentar un escrito coa renuncia a través dun Rexistro oficial, por suposto sempre dentro do prazo establecido.

Observacións:

Se consideras que che puntuaron de xeito erróneo ou consideras que hai algún erro nalgunha puntuación podes formular observacións enviando un correo a provision.puestos@correo.aeat.es seguindo as instrucións establecidas na convocatoria do panel.

IMPORTANTE:

O prazo de renuncias e observacións remata o **8 de febreiro de 2016**

Unha vez rematado o prazo non se terá en consideración ningunha nova renuncia e unha vez adxudicados os postos os destinos serán irrenunciabes.